

**Guía de
TURNITIN en
MooVi**

Contido

Introdución	2
Entrega de traballos mediante unha actividade Turnitin.....	2
Configuración dos exercicios de Turnitin.....	3
Subir entregas en nome dun estudante	7
Entregas por parte do profesor/a	7
Visualización das entregas e informe de similitude	9
Activar Turnitin nunha tarefa de MooVi	11
Configuración das tarefas con Turnitin activado	11
Visualización das entregas e informe de similitude	14
TURNITIN en Foros e Obradoiros	16
Outra información de interese sobre Turnitin.....	17
Contacto	19

Introdución

A presente guía ten por obxectivo explicar o funcionamento da ferramenta Turnitin integrada en MooVi. Esta ferramenta emprégase para detectar o plaxio comparando os traballos subidos polo alumnado cunha ampla base de datos, ofrece un informe de orixinalidade sinalando a porcentaxe de similitude do documento e amosa as fontes orixinais.

IMPORTANTE:

Turnitin en MooVi está habilitado unicamente para materias de **TFG, TFM e doutoramentos**.

O profesorado pode habilitala de dous xeitos:


1. como actividade de entrega dos exercicios directamente. Esta opción ten o inconveniente de que **non permite cualificar os exercicios**, só amosa o informe de similitudes.
 2. integrado nas actividades de Moodle foro, obradoiro e tarefa.
-

Recomendamos empregar a opción da **tarefa** se ademais do informe queres asignar unha nota, comentario etc....

Entrega de traballos mediante unha actividade Turnitin

Para crear un exercicio Turnitin, debes acceder á materia e premer en «Activar edición». No tema no que desexes incluír o exercicio de Turnitin, debes darlle a «Engadir unha nova actividade ou un recurso» e escoller «Turnitin Assignment 2»¹ (ou *Ejercicio 2 de Turnitin* coa interface en castelán):

¹ Este módulo non está traducido ao galego, polo que nesta guía imos empregar as capturas en castelán.



Configuración dos exercicios de Turnitin

➤ Agregando un nuevo Ejercicio 2 de Turnitin a Tema 1

Expansión de todo

General

Nombre del Ejercicio Turnitin

Resumen

Tipo de entrega

Número de secciones

Tamaño máximo del archivo

¿Permitir la entrega de cualquier tipo de archivo?

Mostrar los reportes de originalidad a los estudiantes

Visualización de notas

Actualizar las notas/calificaciones automáticamente

Muestra la descripción en la página del curso

Establecer estos valores como estándar para los ejercicios

Debes introducir un nome para o exercicio (obrigatorio) e un resumo do mesmo.

No «**Tipo de entrega**» podes escoller entre:

- calquera tipo de entrega: o alumnado pode escoller o tipo de entrega que quere realizar.
- ficheiro subido: se escolles esta opción, a entrega ten que ser un ficheiro.
- entrega de texto: se escolles esta opción, a entrega é un texto que se escribe directamente no cadro do editor, sen necesidade de subir un ficheiro.

O exercicio pode constar de varias seccións que deben marcarse no «**Número de seccións**», por cada sección o alumnado pode subir un ficheiro ou texto. Por exemplo, en caso de escoller dúas seccións e o tipo de entrega ficheiro subido, o alumnado tería que subir dous ficheiros, un por cada sección.

No «Tamaño máximo de ficheiro» debes seleccionar o tamaño dos ficheiros subidos.

En «**Permitir a entrega de calquera tipo de ficheiro**», a opción por defecto é *Non*, xa que así só acepta a entrega de ficheiros nos que Turnitin pode comprobar a súa orixinalidade (Microsoft Word, PowerPoint, WordPerfect, PostScript, PDF, HTML, RTF, OpenOffice (ODT), Hangul (HWP), ficheiros de texto sinxelo). Se escolles *Si*, Turnitin só comproba a orixinalidade daqueles formatos compatibles.

Podes permitir «Amosar os reportes de orixinalidade aos estudantes».

▼ **Calificación**

Calificación

Categoría de calificaciones

Calificación para aprobar

Tipo

Puntuación ▾

Calificación máxima

100

Sin categorizar ▾

[Empty input field]

IMPORTANTE:

A actividade de Turnitin só amosa o informe de orixinalidade dos traballos subidos, **non permite a súa cualificación nin retroalimentación**, polo que nesta guía non abordaremos o apartado de "cualificación" nin "opción de grademark". No caso de precisar cualificar, hai que empregar a opción de Turnitin integrada nas tarefas.

▼ Sección del ejercicio 1

Nombre	<input type="text" value="Sección 1"/>
Fecha de inicio	<input type="text" value="26"/> <input type="text" value="octubre"/> <input type="text" value="2022"/> <input type="text" value="14"/> <input type="text" value="29"/>
Fecha límite de entrega	<input type="text" value="2"/> <input type="text" value="noviembre"/> <input type="text" value="2022"/> <input type="text" value="14"/> <input type="text" value="29"/>
Fecha de publicación	<input type="text" value="2"/> <input type="text" value="noviembre"/> <input type="text" value="2022"/> <input type="text" value="14"/> <input type="text" value="29"/>
Marcas máx.	<input type="text" value="100"/>

No apartado de «**Sección do exercicio 1**» se configura para cada sección o nome, as datas de inicio, de entrega e de publicación (sería a data na que o alumnado podería ver a cualificación e comentarios, pero lembra que esa parte non está habilitada no exercicio Turnitin). En «marcas máx» ten relación coa puntuación asignada (non procede porque esa parte non está habilitada no exercicio de Turnitin).

▼ Opciones de Informes de Originalidad

Permitir entregas después de la fecha de entrega

Rapidez de generación del reporte Generar reportes inmediatamente (los estudiantes no pueden realizar segundas entregas)

Almacenar trabajos del estudiante Depósito Estándar

Nota: Si no seleccionas "Sí" en al menos una de las opciones de "Comparar con..." que se encuentran más abajo, NO se generará el reporte de originalidad.

Comparar con trabajos almacenados de estudiantes Sí No

Comparar con Internet Sí No

Comparar con diarios, revistas y otras publicaciones Sí No

Excluir bibliografía No Sí

Excluir citas bibliográficas No Sí

Excluir coincidencias pequeñas Palabras

No apartado de «**opcións de informe de similitude**» configúranse algúns aspectos relacionados co informe que xera Turnitin:

- «Permitir entregas despois da data de entrega»: se escolles *Non*, os estudantes non poden entregar os traballos despois da data establecida. Se escolles *Si*, permites aos estudantes facer a entrega despois da data límite.
- «Rapidez de xeración de reporte» hai tres opcións:
 - Xerar reportes inmediatamente (os estudantes non poden realizar segundas entregas): a entrega que realiza o alumnado é a definitiva e o informe xerarase unha vez subida a entrega.
 - Xerar reportes inmediatamente (os estudantes poden volver a entregar ata a data límite de entrega): os informes para a

- segunda entrega (ou posteriores) realizarase unha vez transcorridas 24 horas.
- Xerar reportes na data límite de entrega (os estudantes poden realizar segundas entregas ata a data límite de entrega): o alumnado pode cambiar o ficheiro subido, pero o informe de similitude non se xera ata a data límite indicada na configuración.
 - «**Almacenar traballos do estudante**» hai dúas opcións:
 - Sen repositorio: as entregas non se almacenan (se dous estudantes presentan o mesmo traballo, Turnitin non atopará coincidencia).
 - Repositorio estándar: as entregas quedan almacenadas na base de datos de Turnitin, polo que futuras entregas poden ser comparadas con estas.

Ten en conta que se o alumnado pode subir varias veces un traballo, isto pode traer erros de autenticidade. Se suben un documento que se almacena e logo se compara coas seguintes versións afectaría á porcentaxe de coincidencias. Por isto, recomendamos **non subir á base de datos de Turnitin (escoller a opción «Sen repositorio») documentos que estean en proceso de revisión e que non sexan a versión definitiva.**

- «Comparar con traballos almacenados de estudantes» se está en *Si*, compara con outros traballos entregados polos distintos participantes do exercicio.
-

Hai que escoller *Si* en polos menos **unha** das opcións de “Comparar con...” para xerar o informe de orixinalidade:

- Comparar con Internet
- Comparar con diarios, revistas e outras publicacións
- Podes **excluir** certos elementos para que o informe de orixinalidade sexa máis preciso:
 - Bibliografía.
 - Citas bibliográficas.
 - Coincidencias pequenas: podes excluir coincidencias do informe de orixinalidade de menos dun número de palabras que debes establecer no cadro en branco.

Subir entregas en nome dun estudante

Se precisas subir un traballo ao exercicio Turnitin en nome dun estudante, podes facelo desde a «bandexa de entrada para entregas».

Desde aí debes localizar ao estudante e premer na icona de subida de ficheiros (á dereita do nome do estudante):

The screenshot shows the Turnitin submission inbox. At the top, there are tabs for 'Bandeja de entrada para entregas', 'Tutores de Turnitin', and 'Estudiantes de Turnitin'. Below this is a section for 'sección 1' with a table of exercises. The table has columns: 'Titulo', 'Fecha de inicio', 'Fecha limite de entrega', 'Fecha de publicación', 'Correcciones disponibles', and 'Exportar'. The first row is 'proba exercicio Turnitin - sección 1'. Below the table, there is a search bar and a list of entries. The entry for 'test2-Sonia Álvarez López' is highlighted with a red box, and a red box also highlights the upload icon in the actions column for that entry.

Entregas por parte do profesor/a

Para que un profesor/a poida realizar unha entrega e, polo tanto, obter o informe de orixinalidade desa entrega, é preciso facer un pequeno axuste nos roles locais dese exercicio:

- Debes entrar no exercicio Turnitin.
- Na parte superior dereita, na icona de engranaxe para configuracións do exercicio, debes escoller «Roles asignados localmente»:

The screenshot shows the Turnitin submission inbox. At the top, there are tabs for 'Bandeja de entrada para entregas', 'Tutores de Turnitin', and 'Estudiantes de Turnitin'. Below this is a section for 'sección 1' with a table of exercises. The table has columns: 'Titulo', 'Fecha de inicio', 'Fecha limite de entrega', 'Fecha de publicación', and 'Correcciones disponibles'. The first row is 'proba exercicio Turnitin - sección 1'. Below the table, there is a search bar and a list of entries. The entry for 'test4-Sonia Álvarez López' is highlighted with a red box. A red box also highlights the gear icon in the top right corner, which opens a settings menu with 'Roles asignados localmente' highlighted.

- A continuación, amosa os posibles roles a asignar e na parte dereita a listaxe de participantes que se lle poden asignar. Debes asignarte o rol local de "estudiante":

Asignar roles en Ejercicio 2 de Turnitin: prueba ejercicio Turnitin

Por favor, seleccione un rol a asignar

Rol	Descripción	Usuarios con rol
Profesor sin permiso de edición		0
Estudiante		0
Profesor Invitado	Profesor Invitado / Colaborador	0

[Regresar a Ejercicio 2 de Turnitin: prueba ejercicio Turnitin](#)

Selecciona o teu nome completo e preme en agregar, nese momento aparecerás na listaxe da esquerda:

Asignar rol 'Estudiante' en Ejercicio 2 de Turnitin: prueba ejercicio Turnitin

Usuarios existentes

Ninguno en este Módulo de Actividad

Usuarios de Curso: titorias01 (2)

test2-Sonia Álvarez López (test2-36148069g, sonia_galiza@hotmail.com)
test4-Sonia Álvarez López (test4-36148069g, correosonia4@noreply.es)

Usuarios potenciales (2)

Sonia Álvarez López (36148069g, soniaalvarez@gmail.com)
test2-Sonia Álvarez López (test2-36148069g, sonia_galiza@hotmail.com)
test4-Sonia Álvarez López (test4-36148069g, correosonia4@noreply.es)

➔ Agregar

Quitar ➔

Buscar Limpiar

Opciones de búsqueda >

Asignar otro rol

[Regresar a la lista de todos los roles](#)

- Preme de novo no exercicio Turnitin e poderás subir un ficheiro a través da icona de subida de ficheiros (á dereita do teu nome):

Bandeja de entrada para entregas | Tutores de Turnitin | Estudiantes de Turnitin

sección 1

Título	Fecha de inicio	Fecha límite de entrega	Fecha de publicación	Correcciones disponibles	Exportar
proba exercicio Turnitin - sección 1	26 oct 2022 - 14.16	2 nov 2022 - 14.16	2 nov 2022 - 14.16	100	

Resumen: proba exercicio Turnitin

Ejercicios de Peemark (0)

Mostrar entradas: 10 | Descargar | Buscar: | Actualizar entregas | Notificar a quienes no hacen entrega | Bandeja de entrada de mensajes de Turnitin (0)

MOSTRANDO 3 DE ENTRADAS DE 1 A 3

First Name / Last Name	Título de la Entrega	Identificador del trabajo de Turnitin	Entregado	Similitud	Calificación	
Sonia Álvarez López	--	--	--	--	--	
test2-Sonia Álvarez López	--	--	--	--	--	
test4-Sonia Álvarez López	proba	1935882558	26/10/2022 14:25	62%	--/100	

Se estás subindo un traballo que non é unha versión definitiva e **non queres que quede almacenado** na base de datos de Turnitin, lembra que na configuración do exercicio tes que escoller a opción «**Sen repositorio**».

Visualización das entregas e informe de similitude

Unha vez creado o exercicio Turnitin aparecerá na páxina de inicio da materia en MooVi. Premendo no nome do exercicio, accedes á «**Bandexa de entrada de entregas**».

Unha vez que o alumnado realizou a entrega do exercicio, desde esta bandexa podes ver os datos xerais do exercicio, a listaxe de estudantes e as entregas realizadas, a data de entrega etc.

The screenshot shows the 'Bandeja de entrada para entregas' (Submission Inbox) for a specific exercise. The interface includes a search bar, filters, and a table of submissions. The table has columns for 'First Name / Last Name', 'Título de la Entrega', 'Identificador del trabajo de Turnitin', 'Entregado', 'Similitud', and 'Calificación'. One submission is visible with a similarity score of 62%.

First Name / Last Name	Título de la Entrega	Identificador del trabajo de Turnitin	Entregado	Similitud	Calificación
test2-Sonia Álvarez López	--	--	--	--	--
test4-Sonia Álvarez López	proba	1935862558	26/10/2022 14:25	62%	--/100

Desde aquí tamén se pode cambiar as datas de inicio, de entrega e de publicación.


Despois dunha entrega por parte do alumnado, o sistema comeza a procesalo e xera un informe de orixinalidade

Premendo na porcentaxe de similitude, o profesorado accede ao informe de orixinalidade:

This screenshot is identical to the previous one, but with a red box highlighting the '62%' similarity score in the 'Similitud' column of the submission table.

Abrirase unha nova xanela co documento, os textos marcados en cor obedecen ás coincidencias ou similitudes detectadas. Para ter máis

información sobre as similitudes detectadas e a fonte á que pertencen, debes premer no número que corresponde á porcentaxe:



The screenshot shows the Turnitin interface. On the left, a document titled "MooVi: bloque «Bolsa de recursos»" is displayed. The document content includes an introduction and a paragraph about Moodle's content sharing features. A red box highlights a sentence in the paragraph: "Este bloque é moi útil para copiar seccións completas, recursos e/ou actividades entre materias de MooVi de xeito rápido e sinxelo." On the right, a sidebar shows a "Resumen de coincidencias" (Summary of similarities) with a large "62%" score. Below the score, a table lists sources, with the first entry being "1 secretaria.unigo.gal" with a 62% similarity score.

MooVi: bloque «Bolsa de recursos» 1

Introdución

A presente guía ten por obxectivo explicar o funcionamento do bloque «Bolsa de recursos».

Moodle ofrece distintas opcións para poder copiar e reciclar os contidos das materias dun curso a outro (a través da restauración dunha copia de seguridade ou a través da opción «Importar»). A maiores, existe un bloque que se chama «Sharing Cart» ou «Bolsa de recursos» que permite compartir contidos entre diferentes materias en MooVi de xeito rápido e sinxelo.

Este bloque é moi útil para copiar seccións completas, recursos e/ou actividades entre materias de MooVi de xeito rápido e sinxelo. Pero se desexas copiar un curso enteiro, a opción máis recomendable é facer unha importación.

Resumen de coincidencias

62 %


1	secretaria.unigo.gal	62 %
	Fuente de Internet	

Activar Turnitin nunha tarefa de MooVi

Recomendamos empregar esta opción para, ademais de ter o informe de orixinalidade, poder cualificar e comentar as entregas do alumnado.

A actividade tarefa de MooVi permite a xeración de informes de orixinalidade dos traballos enviados polos estudantes. De cada documento indícase a porcentaxe de similitude e aporta un informe completo de coincidencias atopadas.

O procedemento para configurar unha tarefa pasaría por engadir a tarefa («Activar edición» > «Engadir unha nova actividade ou un recurso» > «Tarefa») na nosa materia:



Configuración das tarefas con Turnitin activado

Debes configurar os distintos parámetros da tarefa².

² Se tes dúbidas sobre a configuración das tarefas, consulta *Manual da UPM* da versión 3.9. Conde Vides, Juan V.; García Luna, David; García Rodríguez, Jorge; Hermiz Ramírez, Alberto; Moreno López, Juan José; Muñoz Solís, Pablo Luis; Osorio Navarro, Ana y Ramos Martínez, Humberto (pp.180-199) que podes descargar aquí: <https://serviciosgate.upm.es/gate/recursos?id=1>

Recomendamos que na opción «**Requirir que os alumnos preman no botón de entrega**» estea en **Si**.

▼ Axustes de entregas

Requirir que os alumnos preman no botón de entrega



Si

O apartado «**Axustes da Extensión Turnitin Plagiarism**» por defecto non está habilitado:

▼ Ajustes de la Extensión Turnitin Plagiarism



Activar el administrador de Quickmark

Activar Turnitin

No

Mostrar los Informes de originalidad a los estudiantes

No

¿Cuándo se enviará el fichero a Turnitin?

Entregar el archivo en cuanto esté cargado

¿Permitir la entrega de ficheros de cualquier tipo?

No

Almacenar Trabajos de Estudiantes

Sin Repositorios

Nota: Debe seleccionar "Si" en al menos una de las opciones "Comparar con..." para que se genere un informe de originalidad.

Comprobar con

No

Comparar con Internet

No

Comparar con Diarios,
Revistas y Otras Publicaciones

No

Velocidad de generación del informe

Generar informes inmediatamente (no se permiten segundas entregas)

Excluir Bibliografía

No

Excluir Material Citado

No

Excluir equivalencias menores

No

Exclusion Value

Enlazar una rúbrica a este ejercicio

Sin Rúbricas



Activar el administrador de rúbricas de evaluación

Nota: los alumnos podrán ver las rúbricas asociadas y su contenido antes de enviar.

Nota: La opción de evaluación anónima ha sido eliminada. Turnitin usará la configuración de evaluación ciega de Moodle.

Polo que o primeiro paso sería cambiar a opción «**Activar Turnitin**» a **Si**:

Activar Turnitin

Si

Os aspectos por configurar son:

- «**Amosar os informes de orixinalidade aos estudantes**» se escolles *Si*, o alumnado tamén poderá ver o informe de similitude da súa entrega.
- «Cando se enviará o ficheiro a Turnitin?» por defecto aparece entregar o ficheiro en canto estea cargado. Para poder editalo, ten que estar en *Si* o apartado «**Requirir que os alumnos preman no botón de entrega**» (en «Axustes de entrega»), deste xeito permite escoller entregar o ficheiro cando o estudante o envía para a súa corrección.
- «**Permitir a entrega de ficheiros de calquera tipo?**», se está en *Si* pódese entregar calquera tipo de ficheiro, pero só se pode comprobar a orixinalidade nos formatos que admite Turnitin. Por isto, o recomendable é que non se permita a entrega de ficheiros de calquera tipo.
- «**Almacenar traballos do estudantes**» hai dúas opcións:
 - Sen repositorios: as entregas non se almacenan (se dous estudantes presentan o mesmo traballo, Turnitin non atopará coincidencia).
 - Almacén estándar: as entregas quedan almacenadas na base de datos de Turnitin, polo que futuras entregas poden ser comparadas con estas.

Ten en conta que se o alumnado pode subir varias veces unha tarefa, isto pode traer erros de autenticidade. Se suben un documento que se almacena e logo se compara coas seguintes versións afectaría á porcentaxe de coincidencias. Por isto, recomendamos **non subir á base de datos de Turnitin (escoller a opción «Sen repositorios») documentos que estean en proceso de revisión e que non sexan a versión definitiva.**

- «**Comprobar con**», se está activo, compara as entregas dos estudantes cos traballos almacenados nos repositorios de datos de Turnitin.

Se non se escolle *Si* en cando menos **unha** das opcións de “Comparar con...”, non pode xerar o informe de orixinalidade:

- «**Comparar con Internet**», se está activo, compara con páxinas e documentos de internet.
- «**Comparar con Diarios, Revistas e Outras publicacións**»

- «**Velocidade de xeración do informe**», controla cando se enviará a entrega para que se analice. Ofrece tres opcións de configuración:

Se hai unha nova entrega que sobreescribe á anterior, é posible que non se xere un novo informe ata que pasen 24 horas.

- Xerar informes inmediatamente (non se permiten segundas entregas).
- Xerar informes inmediatamente (permitiranse segundas entregas ata a data de entrega). Permite aos estudantes volver realizar entregas ata a data de entrega. Xera un informe cada vez que se fai unha entrega. Cando remata o prazo de entrega, o docente só ten dispoñible o último informe xerado.
- Xerar informes na data de entrega (permitiranse segundas entregas ata a data de entrega).
- Podes **excluir** certos elementos para que o informe de orixinalidade sexa máis preciso:
 - Bibliografía.
 - Material citado.
 - Equivalencias menores: podes escoller non excluir, ou excluir por número de palabras ou porcentaxe (que debes indicar no seguinte apartado).

Visualización das entregas e informe de similitude

Unha vez o alumnado entregou a tarefa, e dependendo da configuración do apartado «**Velocidade de xeración do informe**», os informes xéranse normalmente entre 10 e 30 minutos despois da entrega.

Para ver o informe, hai que acceder á tarefa e premer en «Ver/cualificar todas as entregas»:



Resumo das cualificacións

Agochar para os alumnos	Non
Participantes	4
Entregada	1
Necesita cualificación	1
Data límite	Xoves, 3 de Novembro de 2022, 12:08
Tempo restante	1 hora 14 mins

Ver/cualificar todas as entregas [Cualificación](#)

Aparecerá a listaxe dos participantes e as entregas realizadas.

Cando emite o informe de similitude, aparece indicado na entrega, premendo na porcentaxe abrírase o informe:

Estado	Cualificación	Editar	modificación (entrega)	Entregas de ficheiros
Entregado para cualificacións	Cualificación	Editar ▾	Venres, 28 de Outubro de 2022, 11:42	 Login en Moovi.pdf  Turnitin ID: 1937712306  100%
				28 de Outubro de 2022, 11:42

Cando aparece no estado de Turnitin «Queued» (en cola) indica que o informe de similitude non se xerou aínda.

A cor da porcentaxe indica o índice de similitude do traballo, segundo a cantidade de texto coincidente ou similar que detectou. Os posibles índices de similitude son os seguintes:

- Azul: non hai texto coincidente.
- Verde: dunha palabra ao 24 % de texto coincidente.
- Amarelo: entre 25 % e 49 % de texto coincidente.
- Laranxa: entre 50 % e 74 % de texto coincidente.
- Vermello: entre 75 % e 100 % de texto coincidente.

Pulsando na porcentaxe será posible acceder ao informe de Turnitin, dende onde podemos revisar as coincidencias que se atoparon na ferramenta. É posible navegar polos seguintes apartados:



- Marcas de alerta: os algoritmos de Turnitin examinan o documento en profundidade en busca de incoherencias que o diferencien dunha entrega normal. Detecta posibles problemas como texto oculto ou comiñas ocultas.
- Resumen de coincidencias, onde aparece o porcentaxe coas fontes máis relevantes. As coincidencias codifícanse pola cor e detállanse nunha área da entrega da porcentaxe máis alta á máis baixa de palabras coincidentes. Se premes sobre a fonte aparece un cadro co texto da fonte orixinal.
- Todas as fontes, listaxe exhaustiva de todas as fontes dos depósitos de Turnitin e dos repositorios especificados.
- Filtros e configuración: permite excluír aspectos como citas ou bibliografía.
- Fontes excluídas: indica as fontes que non se están tendo en conta segundo os filtros aplicados.
- Descargar: xera un PDF que reflexa todos os datos anteriores.
- Información da entrega: amosa detalles como a data de envío, o número de palabras etc.

Máis información sobre a *Interpretación del informe de similitud* na páxina de axuda de Turnitin: <https://help.turnitin.com/es/feedback-studio/instructor/interpretacion-del-informe-de-similitud.htm>

TURNITIN en Foros e Obradoiros

Se vas activar Turnitin en foros ou obradoiros, o procedemento é o mesmo que nas Tarefas, salvo o apartado «Cando se enviará o ficheiro a Turnitin?» que está desactivado.

Outra información de interese sobre Turnitin

A primeira vez que o alumnado faga unha entrega dunha tarefa con Turnitin activado, amosarase unha mensaxe coas condicións do servizo.

Para que Turnitin emita o informe é imprescindible que o/a **alumno/a acepte os termos da licenza.**

Mis entregas

Debes aceptar el acuerdo del usuario de Turnitin más reciente antes de realizar una entrega. Por favor, haz clic aquí para leer y aceptar el acuerdo

nome que lle poño á sección

Título	Fecha de inicio	Fecha límite de entrega	Fecha de publicación	Correcciones disponibles
proba exercicio Turnitin - nome que lle poño á sección	26 oct 2022 - 14:16	2 nov 2022 - 14:16	2 nov 2022 - 14:16	100

Resumen:
proba exercicio Turnitin

Actualizar entregas

Título de la Entrega Identificador del trabajo de Turnitin Entregado Calificación

Turnitin User Agreement

Our user agreement has been updated. Please read our user agreement below and agree or disagree to its terms and conditions:

Turnitin End-User License Agreement

*Users who are not in the European Union refer to [Section A only](#).

**Users in the European Union refer to [Section B](#).

Protecting your personal data and privacy is our top priority. We are fully committed to transparency, accountability and using technology responsibly, no matter what changes emerge from our rapidly evolving digital world. We implement appropriate technical and organizational measures to protect your personal data.

*Section A (For Users who are not in the European Union)

Turnitin and its services (the "Site" or the "Services") are operated and maintained by Turnitin, LLC ("Turnitin"), and provided to you, the user ("You" or "User" or "End-User"), conditionally upon Your acceptance of the terms, conditions, and notices contained herein without modification (the "User Agreement"). Depending on the Turnitin solution utilized, references to 'You', 'student', or 'End-User' shall include any person submitting papers through the Service, however they are defined.

You should review this User Agreement carefully before continuing. If You breach the User Agreement, Your authorization to use the Site will automatically terminate.

I disagree **I agree**

Por outra banda, para poder realizar a análise de similitude, o ficheiro entregado debe pertencer a un dos formatos soportados:

- Microsoft Word (DOC e DOCX)
- Corel WordPerfect
- HTML
- Adobe PostScript
- Plain text (TXT)
- Rich Text Format (RTF)
- Portable Document Format (PDF)
- OpenOffice (ODT)
- Hangul (HWP)
- Powerpoint (PPT)
- Google Docs vía Google Drive

Contacto

En caso de dúbidas ou incidencias, contacta con soporte.moovi@uvigo.gal